



PUNTOS ARCOIRIS NO CENTROS PÚBLICOS DE ENSINO MUNICIPAIS

**DOSSIER DE ACTIVIDADES DOS 'PUNTOS ARCOIRIS' NOS
CENTROS EDUCATIVOS MUNICIPAIS DE SECUNDARIA NO MARCO
DO 17 DE MAIO DE 2024, DÍA INTERNACIONAL CONTRA A
LGTBIFOBIA**

[SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA EN IGUALDADE DO CONCELLO DE OLEIROS]



Concello de Oleiros

ÍNDICE

PUNTOS ARCOIRIS	3
ACTIVIDADE NA AULA.....	4
VÍDEO: De que vai iso da masculinidade?	4
ACTIVIDADE 1.....	4
ACTIVIDADE DE DINAMIZACIÓN NO PUNTO ARCOIRIS	5
CUESTIONARIO “DE OPINIÓN” E VIVENCIAS PERSOAIS	6

Como cada ano, o Concello de Oleiros quere facer explícito o seu **compromiso en seguir traballando en prol dun municipio libre de violencias machistas**, entendendo que, por unha banda, o **recoñecemento da diversidade sexual e de xénero** e, pola outra banda, a **erradicación das violencias LGTBifóbicas**, son imprescindibles para acadar unha sociedade verdadeiramente xusta, libre, igualitaria e democrática.

O Concello de Oleiros continuará, como ata o de agora, realizando un traballo en prol da diversidade e contra as violencias LGTBifóbicas sostido e continuado no tempo, pois tan só así conséguese un impacto real e efectivo no tempo. Mais, tamén é consciente de que **as datas sinaladas e de conmemoración son palestras de sensibilización e comunicación coas que se consegue chegar a unha maior parte da cidadanía**, completando e apoiando o traballo neste eido realizado o resto do ano.

Por este motivo, desde a área de Igualdade do Concello de Oleiros realizaranse **actividades de sensibilización co alumnado e os centros educativos para a conmemoración do 17 de Maio de 2024, Día Internacional contra a LGTBifobia**.

A continuación recóllese que son os Puntos Arcoiris e unha breve descrición das actividades que se van realizar co alumnado nos centros públicos municipais de educación primaria.

PUNTOS ARCOIRIS

O 17 de Maio, Día Internacional contra a LGTBIfobia, é un día para a concienciación sobre as violencias que sofren as persoas LGTBQA+ nos diferentes ámbitos (persoal, profesional, académico etc.) e espazos (rúa, fogar, transporte, ocio nocturno etc.) da súa vida polo feito de ser LGTBQA+.

Por isto, desde o Concello de Oleiros **instalaranse Puntos Arcoiris nos diferentes centros educativos municipais entre o 9 e o 23 de maio**, un día en cada centro durante a súa xornada escolar.

Os Puntos Arcoiris son **puntos de información, sensibilización e atención para a inclusión da diversidade sexual e de xénero, e para a prevención, detección e actuación fronte as violencias LGTBfóbicas**, conformados por un equipo de profesionais en materia de xénero, diversidade e violencias. Nos Puntos Arcoiris instalados nos centros, tanto o alumnado como o profesorado poderá recibir información sobre:

- As violencias LGTBfóbicas e as súas manifestacións (indicadores para a prevención, detección e actuación);
- Os recursos e servizos de información e atención especializados na materia a nivel municipal, autonómico e estatal;
- Temas de interese entre o propio alumnado e profesorado en materia de diversidade sexual e de xénero e violencias LGTBfóbicas.

Ademais, desde os Puntos Arcoiris realizarase **un xogo de sensibilización arredor das violencias LGTBfóbicas e os estereotipos e prexuízos** socialmente presentes arredor das persoas LGTBQA+, co obxectivo de concienciar e sensibilizar ao alumnado arredor das mesmas e dotalo de ferramentas para prever, detectar e actuar fronte a elas.

Data:	Do 10 ao 23 de maio de 2024
Horario:	Xornada escolar
Lugar:	Centros de educación primaria e secundaria do Concello de Oleiros
Público obxectivo:	Alumnado e profesorado

ACTIVIDADE NA AULA

É unha actividade pensada para traballar en secundaria arredor de como o sistema de xénero constitúe tamén a raíz das violencias LGTBífobas. Máis concretamente, como o modelo de masculinidade hexemónico constrúese en contraposición ao feito de ser muller e fronte a homosexualidade. Para o seu desenvolvemento, proxectarase o vídeo que se recolle a continuación e, sobre os contidos, conduciranse debates co alumnado, mantendo como fio condutual as preguntas recollidas na **Actividade 1**.

VÍDEO: De que vai iso da masculinidade?

<https://www.youtube.com/watch?v=NR2C6JwLXSE>

ACTIVIDADE 1.

Unha vez visto o vídeo, realizaremos unha reflexión grupal a partir das seguintes preguntas:

1. É posible ser home ou ser muller sen experimentar ou practicar o sexismo? Por que?
2. Credes que as experiencias das persoas trans permítennos facer visible o que adoita pasar desapercibido? Por que?
3. En que consiste a masculinidade hexemónica? E como se relaciona esta coa homofobia e a transfobia?
4. Son posibles masculinidades alternativas? E feminidades?
5. Poden as persoas trans contribuír á construción destes modelos alternativos? Por que? Como?

ACTIVIDADE DE DINAMIZACIÓN NO PUNTO ARCOIRIS

É un cuestionario pensado para a detección de estereotipos, prexuizos e violencias LGTBífobas nos diferentes centros de ensino de educación secundaria de cara ao deseño de futuras accións, materiais de sensibilización e formacións dirixidas á súa erradicación na comunidade educativa.

Deste xeito, se ben realizárase no marco da instalación do Punto Arcoiris, ao alumnado indicáraselle que é un cuestionario de opinión e vivencias persoais e que non hai respostas correctas nin incorrectas, sen indicar máis información que poida nesgar a súa resposta.

DINÁMICA A SEGUIR

Desde o Punto Arcoiris distribuiranse códigos QR de acceso ao cuestionario (aloxado na plataforma Jotform) e animarase ao alumnado a completalo. A cumprimentación do cuestionario será requisito ineludible para recibir un agasallo.

Así, solicitarémoslle que o cubran e nos ensinen a última páxina conforme premeron no botón de <<ENVIAR>>. Unha vez feita a comprobación, a persoa dinamizadora procederá a entregarlle materiais de sensibilización e un agasallo.

CÓDIGO QR



CUESTIONARIO “DE OPINIÓN” E VIVENCIAS PERSOAIS

INTRODUCCIÓN AO CUESTIONARIO

Ola!

Non marches! Gracias. Vas cubrir un cuestionario que é moi breve (non che levará máis de 10 minutos) e, ademais, ven con premio 🍪.

Pero isto non é un exame! O que queremos é coñecer a túa opinión e algunhas vivencias desde a perspectiva de xente da túa idade, así que **non hai opcións correctas nin incorrectas**.

Os datos de carácter persoal atenden ao segredo estatístico segundo a Lei 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, así que as túas respostas serán tratadas sempre de forma anónima.

Graciñas pola túa participación <3

CUESTIONARIO

1. Marca “Si” se estás de acordo e “Non” se estás en desacordo.

	Si	Non
En competicións deportivas, os equipos mixtos non teñen ningún sentido		
As rapazas, cando están coa menstruación, son insoportables.		
Os rapaces que falan dos seus sentimentos son uns brandos.		
Cústame entender que alguén non sexa hetero.		
Moléstame que se equivoquen coa miña orientación sexual.		
Dáme reparo cambiarme nun vestiario se sei que hai alguén homosexual.		
As persoas bisexuais están confundidas e non saben o que queren.		
As persoas trans están enfermas e necesitan ir a terapia.		
Está ben ser gai, lesbiana ou bi, pero moléstame que vaian por aí presumindo e exaxerando.		
Síntome incómodo/a cando hai unha persoa homosexual no grupo no que estou.		
Daríame vergoña que alguén da miña familia fose trans.		
Preferiría que a miña parella non fose bisexual.		
Penso que unha parella homosexual tería dificultades para criar a un neno/a en condicións normais.		
Penso que é normal poder chamar ás persoas trans polo seu nome orixinal e non co que din que se identifican.		

- 2. Agora pensa no teu instituto, e sinala todas aquelas características físicas e de comportamento polas que compañeiros ou compañeiras túas reciban comentarios despectivos ou mofas.**

	Si	Non
Estar gorda ou gordo		
Ser alto ou alta		
Ser baixo ou baixa		
Estar delgada ou delgado		
Ter algún tipo de discapacidade física		
Ser ou parecer doutro país		
Non ter cartos		
A forma de expresarse (vestir, camiñar, xesticular, falar...)		
Ser unha chica que se comporta ou parece un chico		
Ser un chico que se comporta ou parece unha chica		
Ser ou parecer gai, lesbiana ou trans		
Ser unha chica que sae con moitos chicos		
Ser un chico que sae con moitas chicas		
Ter dúas nais		
Ter dous pais		
Ter amizades ou familiares gais, lesbianas, bisexuais ou trans		
Ser neurodiverxente (autismo, TDAH...)		

- 3. Referíndonos ás persoas que son ou poden parecer LGTBIQA+, indica se algunha vez presenciaches, realizaches ou sufriches algunha das condutas que a continuación se recollen. Podes seleccionar tantas respostas como sexa preciso.**

	Algunha vez o fixen	Algunha vez o vin	Algunha vez o sufrín	Nin o vin, nin o fixen nin o sufrín
Insultos (ex: maricón, bollera, travelo...)				
Burlas, chistes ou imitacións ofensivas				
Ruídos ou expresións non verbais co obxectivo de burla ou humillación				
Miradas ao corpo despectivas ou degradantes				
Agresións físicas (lanzar cousas, golpes, labazadas, empurróns...)				
Ameazas				
Negarse a nomear a unha persoa trans co nome ou cos pronomes cos que se identifica				
Chamar a sabendas a unha persoa trans polo seu				

<i>deadname</i> (nome co que xa non se identifica)				
Cuestionar a persoas trans por estar nun baño, vestiario ou espazo determinado				

4. Por favor indica “Si” ou “Non” ás seguintes preguntas:

	Si	Non
Coñeces a alguén neste centro a quen insultaran ou de quen se burlaran por ser ou parecer gai, lesbiana ou trans?		
Coñeces a alguén neste centro a quen acosaran por redes sociais por ser ou parecer gai, lesbiana ou trans?		
Coñeces a alguén neste centro a quen golpearan por ser ou parecer gai, lesbiana ou trans?		

5. E ti, que farías se se meten cun compañeiro ou compañeira por ser ou parecer gai, lesbiana ou trans?

Uniríame ás burlas	
Quedaríame á marxe, non vai comigo	
Aínda que non me guste a situación, daríame reparo intervir	
Interviría para defender a esa persoa	
Non o sei	

XA CASE ESTAMOS!
Ímosche pedir 2 datos e rematado!

6. Por favor, marca a opción correspondente a ti:

Home	
Muller	
Outro. Cal?	

7. E xa por último, indícanos o teu ano de nacemento:

FIN DO CUESTIONARIO

Listo!

Moitas gracias!

Non te esquezas de premer en “ENVIAR” para mandarnos a túa resposta e pasa polo Punto Arcoiris recibir o teu agasallo!